



DATOS IDENTIFICATIVOS

Saúde, dependencia e vulnerabilidade social

Materia	Saúde, dependencia e vulnerabilidade social			
Código	P51G140V01412			
Titulación	Grao en Enfermería			
Descritores	Creditos ECTS	Sinale	Curso	Cuadrimestre
	6	OP	4	1c
Lingua de impartición	Galego			
Departamento	Departamento da E.U. de Enfermería (Pontevedra)			
Coordinador/a	González López, Claudia			
Profesorado	Diéguez Montes, María Paz González López, Claudia			
Correo-e	claudia.eu.enfermeria@gmail.com			
Web	http://enfermeria.depo.es			
Descrición xeral	<p>A materia saúde, dependencia e vulnerabilidade social profunda no rol e misión social da enfermería. Busca que o alumnado desenvolva competencias para saber como responder e actuar de forma respectuosa e equitativa ante a diversidade de persoas ás que presta os seus cuidados. Para iso analízase o seu papel ante situacións de dependencia, risco e vulnerabilidade social, e a influencia da diversidade cultural, as migracións, o xénero, a discapacidade ou a idade nos cuidados de enfermería. Tamén se aborda o seu papel en aspectos relacionados coa globalización, o desenvolvemento sostible e a xustiza social.</p> <p>Un dos marcos fundamentais nos que se basea esta materia é o da Axenda 2030 e as súas ODS dende a perspectiva de que a enfermería pode contribuír e liderar estratexias que promovan a xustiza social e o desenvolvemento sostible tanto local como global.</p>			

Resultados de Formación e Aprendizaxe

Código	
A1	Que os estudantes demostren posuír e comprender coñecementos nunha área de estudo que parte da base da educación secundaria xeral e adoita atoparse a un nivel que, malia se apoiar en libros de texto avanzados, inclúe tamén algúns aspectos que implican coñecementos procedentes da vangarda do seu campo de estudo.
A2	Que os estudantes saiban aplicar os seus coñecementos ó seu traballo ou vocación dunha forma profesional e posúan as competencias que adoitan demostrarse por medio da elaboración e defensa de argumentos e a resolución de problemas dentro da súa área de estudo.
A3	Que os estudantes teñan a capacidade de reunir e interpretar datos relevantes (normalmente dentro da súa área de estudo) para emitir xuízos que inclúan unha reflexión sobre temas relevantes de índole social, científica ou ética.
A4	Que os estudantes poidan transmitir información, ideas, problemas e solución a un público tanto especializado coma non especializado.
A5	Que os estudantes desenvolvan aquelas habilidades de aprendizaxe necesarias para emprender estudos posteriores cun alto grao de autonomía.
B4	Ser capaz de comprender o comportamento interactivo da persoa en función do xénero, grupo ou comunidade, dentro do seu contexto social e multicultural
B7	Saber comprender, sen prexuízos, as persoas, considerando os seus aspectos físicos, psicolóxicos e sociais, como individuos autónomos e independentes, asegurando o respecto ás súas opinións, crenzas e valores, ademais de garantir o dereito á intimidade, a través da confidencialidade e o segredo profesional
B15	Ser capaz de traballar co equipo de profesionais como unidade básica na que se estruturan de forma uni ou multidisciplinar e interdisciplinar os profesionais e demais persoal das organizacións asistenciais
C12	Utilizar estratexias e habilidades que permitan unha comunicación efectiva con pacientes, familias e grupos sociais, así como a expresión das súas preocupacións e intereses.
C22	Promover a participación das persoas, familia e grupos no seu proceso de saúde-enfermidade.
C43	Coñecer os problemas de saúde máis frecuentes nos anciáns
D1	Capacidade de análise e síntese
D2	Capacidade de organización y planificación

D4	Resolución de problemas e toma de decisións
D5	Traballo en equipo, multidisciplinar e multilingüe
D6	Habilidades nas relacións interpersoais
D8	Aprendizaxe autónomo
D9	Adaptación a novas situacións. Iniciativa e espírito emprendedor. Creatividade.
D10	Motivación pola calidade
D11	Sensibilidade cara a temas ambientais

Resultados previstos na materia

Resultados previstos na materia	Resultados de Formación e Aprendizaxe			
Saber comprender as relacións entre saúde e a situación social.	A1	B4	C12	D1
	A2	B7	C22	D2
	A3	B15	C43	D4
	A4			D5
	A5			D6
				D8
				D9
				D10
				D11
Saber identificar as distintas necesidades sociais vinculadas a problemas de saúde.	A1	B4	C12	D1
	A2	B7	C22	D2
	A3	B15	C43	D4
	A4			D5
	A5			D6
				D8
				D9
				D10
				D11
Ser capaz de recoñecer as características dos problemas de saúde que dan lugar a necesidades de apoio social, en especial discapacidades, dependencia e situacións de adiccións.	A1	B4	C12	D1
	A2	B7	C22	D2
	A3	B15	C43	D4
	A4			D5
	A5			D6
				D8
				D9
				D10
				D11
Ser capaz de aplicar as estratexias de atención e apoio en relación co contexto actual en relación con situacións de vulnerabilidade.	A1	B4	C12	D1
	A2	B7	C22	D2
	A3	B15	C43	D4
	A4			D5
	A5			D6
				D8
				D9
				D10
				D11
Ser capaz de identificar a relación entre a saúde, sistema de xénero, a cultura e o ciclo vital.	A1	B4	C12	D1
	A2	B7	C22	D2
	A3	B15	C43	D4
	A4			D5
	A5			D6
				D8
				D9
				D10
				D11

Contidos

Tema	
1. Introducción á materia.	-A saúde e o coidado dende a perspectiva sociocultural. -Saúde, vulnerabilidade social e dependencia. -Desigualdades e inequidades en saúde. Os determinantes sociais da saúde. -Sistema Sanitario: modelo biomedico, modelo social, modelo de calidade de vida, enfoque de saúde baseado en dereitos humanos. -Accesibilidade Universal ó sistema sanitario e a saúde.

2. Equidade en saúde, diversidade e inclusión social	<ul style="list-style-type: none"> - A perspectiva da Equidade en saúde. - Poblacións vulnerables: <ol style="list-style-type: none"> 1. Diversidade sexual e de xénero. Perspectiva de xénero e saúde. Colectivo LGBTIQ+. 2. Diversidade e competencia cultural. Saúde e migracións. 3. Diversidade funcional. Saúde e discapacidade. 4. Diversidade e ciclo vital. Saúde, infancia e vellez.
3. Responsabilidade e compromiso social da enfermía.	<ul style="list-style-type: none"> - Ética do coidado. - Liderazgo ético, baseado en principios e valores. - Enfermería global. - Axenda 2030 e Obxectivos de desenvolvemento sostible. - Atención sanitaria inclusiva (SAAC, Lectura fácil e outros elementos para a accesibilidade cognitiva).
4. Coidados de enfermía en dependencia e vulnerabilidade social.	<ul style="list-style-type: none"> - Taxonomía NANDA-NOC-NIC relacionada. - Promoción e educación para a saúde e para a inclusión social.

Planificación

	Horas na aula	Horas fóra da aula	Horas totais
Lección maxistral	32	64	96
Presentación	4	20	24
Actividades introdutorias	1	1	2
Estudo de casos	10	11	21
Exame de preguntas obxectivas	1	6	7

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientador, considerando a heteroxeneidade do alumnado.

Metodoloxía docente

	Descrición
Lección maxistral	Exposición por parte da profesora dos contidos sobre a materia obxecto de estudo, bases teóricas e/ou directrices dun traballo, exercicio ou proxecto a desenvolver polo alumnado.
Presentación	Exposición por parte do alumnado ante a docente dun grupo de estudantes dun tema sobre os contidos da materia.
Actividades introdutorias	Actividades encamiñadas a tomar contacto e reunir información sobre o alumnado, así como a presentación da materia e formación dos grupos de traballo para a modalidade seminario.
Estudo de casos	Análise dun feito, problema ou suceso real coa finalidade de coñecelo, interpretalo, resolvelo, xerar hipóteses, contrastar datos, reflexionar, completar coñecementos, diagnosticalo e adestrarse en procedementos alternativos de solución.

Atención personalizada

Metodoloxías	Descrición
Presentación	Resolución de problemas, dúbidas e consulta de información, de forma presencial (na aula ou nas titorías) ou de forma non presencial (a través do correo electrónico).
Estudo de casos	Atención personalizada e resolución de dúbidas, relacionadas cos casos propostos relacionados cos contidos da materia.

Avaliación

	Descrición	Cualificación	Resultados de Formación e Aprendizaxe
Presentación	Exposición por parte do alumnado ante a docente e un grupo de estudantes dun proxecto versado nos contidos. Se levará a cabo de maneira grupal.	20	A1 B4 C12 D1 A2 B7 C22 D2 A3 B15 C43 D4 A4 D5 A5 D6 D8 D9 D10 D11
	Data de presentación: 27/XI/2024		

Estudo de casos	Proba na que un alumno/a deberá analizar un feito, problema ou suceso real coa finalidade de coñecelo, interpretalo, resolvelo, xerar hipóteses, contrastar datos, reflexionar, completar coñecementos, diagnosticalo e adestrarse en procedementos alternativos de solución. A cualificación desta proba baséase na presentación escrita dun caso (máximo 15 %) no que o alumnado haxa participado na súa elaboración o longo dos seminarios do curso (máximo 15%)	30	A2 A3 A4 A5	C12 C22 C43	D1 D2 D4 D5 D6 D8 D9 D10 D11
	Data límite de entrega primeira oportunidade: 4/XII/2024 Data límite de entrega segunda oportunidade: 26/VI/2025				
Exame de preguntas obxectivas	Probas para avaliación das competencias adquiridas que inclúen preguntas pechadas con diferentes alternativas de resposta (verdadeiro/falso, elección múltiple, emparellamento de elementos) e preguntas curtas.	50	A1 A3	B4 B7	C43 D2 D4 D8
	Para superar a materia a/o alumna/o terá que acadar o 50% desta proba: Primeira oportunidade: 11/XII/2024 10h. Segunda oportunidade: 26/VI/2025 10h				

Outros comentarios sobre a Avaliación

Fin de carreira. 10/10/2024 ás 16.30h

Bibliografía. Fontes de información

Bibliografía Básica

Bibliografía Complementaria

Victoria Camps, **Tiempo de cuidados**, Primera, Arpa editores, 2021

Manuel Moreno Preciado, **Transculturalidad, género y salud**, Primera, Elsevier, 2021

Domingo Palacios Peña, Paloma Salvadores Fuentes, **Enfermería Social**, Primera, Ediciones Síntesis, 2012

Ministerio de Sanidad, **Estrategia Nacional de equidad en salud**, 2014

Ministerio de Sanidad, **Equidad en Salud y COVID-19. Análisis y propuestas para abordar la vulnerabilidad epidemiológica vinculada a las desigualdades sociales**, 2020

Ministerio de Sanidad, **Estrategia Nacional de Prevención y Lucha contra la Pobreza y la Exclusión Social 2019-2023**, 2019

Consejo Internacional de Enfermería, **El papel de las enfermeras para el logro de los Objetivos de Desarrollo Sostenible**, 2017

Farmaceúticos Mundi, **Equidad de género y salud. Guía introductoria**, 2018

Ley 1/2013, **Ley General de derechos de las personas con discapacidad y de su inclusión social.**, 2013

Universidad de Alicante, **Cultura de los cuidados. Revista de Enfermería y Humanidades**,

Recomendacións

Materias que se recomenda ter cursado previamente

Enfermería comunitaria I/P51G140V01104

Enfermería comunitaria II/P51G140V01206